



XEIRA, DOMINGO, 27 DE OUTUBRO DE 2019

TERRA CHA – OLERIA DE BONXE

Guiada por Pancho Gallego

ATENCIÓN!!!

Saída ás 8,30 h dende as paradas habituais

Olo!: ese día é o cambio de hora de inverno, e haberá que retrasar os reloxos, e polo tanto para aproveitar o día sairemos ás 8,30 da mañá. Esta saída, programada para o 6, farase finalmente o domingo 27-10-19

Lembrede levar calzado cómodo e impermeable, para andar por zonas húmidas.

ITINERARIO

- Empezaremos o día visitando as pinturas murais da igrexa de San Vicenzo dos Vilares (Guitiriz), pendentes todavía de restauración.
- Faremos logo unha pequena parada na vila de Guitiriz onde nos agardan dúas pequenas sorpresas case descoñecidas.
- Continuaremos a viaxe co obxectivo principal do día: **unha demorada visita á olería tradicional de Bonxe** (Outeiro de Rei), onde nos agarda Pepa Lombao, última representante desta cerámica artesanal, que se está a perder. Posibilidade, dependendo da climatoloxía, de visitar unha "barreira", onde se extraía un dos tipos de barro usado ata hai pouco.

O xantar farémolo sobre as 2,00-2,30 da tarde nun restaurante da zona.

- Pola tarde achegarémonos ó Caneiro do Piago, parte da Reserva da Biosfera "Terras do Miño", onde andaremos a carón do río e visitaremos a restaurada mini-central hidroeléctrica do Piago, toda unha sorpresa.
- Iremos tamén ata a pequena igrexa parroquial de San Pedro de Martul, que conserva a ábsida románica, e tentaremos visitar o interior. A maiores agárdanos outra pequena sorpresa na vella reitoral.
- Continuaremos, coñecendo os restos do castro-torre medieval de Caldaloba, en A Rabadá - San Martiño do Pino - Cospeito, que tanta importancia tivo no final da Idade Media en Galicia, e está en perigo de derrube.
- E se da tempo, xa da volta, inda podemos parar nalgún outro punto do río Miño.
- **Como sempre, para anotarse hai que chamar a Carmén ó 649,981,862.**

Enlace ó evento na nosa páxina web:

<https://www.facebook.com/events/527859271307888/>